

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO O 12/6/2020, coa publicación da Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

- Para a **atención presencial**, debes seguir as pautas dadas polas autoridades sanitarias aprobadas desde a declaración do estado de alarma.
- **Medidas de seguridade nas consultas:**
 - Intenta que as persoas usuarias coñezan de antemán as **normas de seguridade e de hixiene** establecidas, e coloca un letreiro coas mesmas na entrada.
 - O **aforo**: o artigo 3.39 da Orde especifica que non están sometidos ao aforo do 75% os centros sanitarios, é dicir, tes que garantir a seguridade e que se cumpran as medidas de distancia interpersoal, sobre todo en espazos comúns como poden ser na entrada, saída, salas de espera... Cando non se poida garantir esa distancia de seguridade será obrigatorio o uso de máscara de hixiene adecuadas e con etiqueta respiratoria. En canto á sala de espera, podes retirar cadeiras, ou inhabilitar algunhas, por exemplo.
 - Prega **máxima puntualidade** ás persoas usuarias, que deben permanecer no teu centro o tempo indispensable para recibir a túa atención. Xa podes habilitar a sala de espera, intentando que se respecte a distancia interpersonal de, polo menos, 1,5 metros entre persoas non convivintes. Podes retirar cadeiras o inhabilitar algunhas.
 - De atender a persoas **maiores de 65 anos**, debes destinar unhas horas do día exclusivas para a súa atención.

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO O 12/6/2020, coa publicación da Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

- Se fas actividades grupais o máximo será 25 persoas, sempre que se respecten as dúas normas seguintes:
 - Que o aforo do espazo non supere o 75% que tiña antes da declaración da emerxencia sanitaria.
 - Que se garanta a distancia mínima interpersoal de 1,5 metros entre os asistentes, ou utilizar en todo momento as máscaras (prioritariamente cirúrxicas), salvo unidades conviventes.
- Debes intentar que ti, os teus compañeiros ou compañeras e as persoas usuarias, de non poder manter a distancia mínima interpersoal uses sempre os **equipos de protección individual** (EPIs) adecuados.
- **Uso de aseos:** se o aseo ten ata 4 metros cadrados, a ocupación máxima será dunha persoa, salvo persoas que necesiten asistencia, que poden acudir polo seu acompañante. Para aseos de máis de 4 metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do 50% do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, sempre que se garanta a distancia mínima interpersoal. Reforzarase a limpeza e desinfección dos aseos garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.
- **Medio de pago:** promoverase o pago con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipos precisos para iso.

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO O 12/6/2020, coa publicación da Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

• Medidas de seguridade comúns:

- Mantén unha distancia de polo menos 1,5 metros. Se non a podes garantir faise obrigatorio o uso de Equipos de Protección Individual (EPIs) adecuados ao nivel de risco. Faino con seguridade, como se indica nestes vídeos da Xunta de Galicia: <https://femora.sergas.gal/Seguridade/MATERIAL>
- Se proporcionas algún tipo de EPI ás túas persoas usuarias, explícalles como o deben poñer.
- Debes proporcionar aos teus empregados e empregadas os EPIs adecuados ao nivel de risco, e en todo caso, para todas as persoas que acudan ao teu centro, debes colocar dispensadores de xeles con base alcohólica ou desinfectantes con acción viricida, debidamente autorizados e rexistrados, en lugares accesibles e visibles, e, polo menos, na entrada, e dispoñer de varias papeleiras para que desbotes os residuos xenerados. Deben de estar en todo momento, tanto os dispensadores como as papeleiras en condicións óptimas de uso.
- Evita o contacto físico (nin bicos, nin apretóns de mans, apertas...).
- Lava as túas mans con auga e xabón/desinfectante antes e despois de cada consulta.
- Advirte ás persoas usuarias de que se están en cuarentena por contaxio, ou ten a unha persoa coa que tivo contacto non pode acudir.
- Intenta, na medida do posible, que as persoas usuarias do servizo non manipulen o que lle poidas facilitar ti (ábrelles ti a porta, ofrécelles panos dun só uso, intenta te avisen se utilizaron os aseos para proceder á limpeza...).

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO O 12/6/2020, coa publicación da Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

• Recursos materiais:

- Retira elementos de uso común (non necesarios para a intervención) ou de difícil limpeza (revistas, alfombras, toallas, vasos de cristal se ofrecias bebida, desactiva as máquinas de autoservizo (de bebidas, de comida), anula secadores de man con aire...).
- Intenta ter una papeleira con pedal en cada sala de atención, para que cada un dos/as profesionais e persoas usuarias poidan desbotar nela o que utilizou durante a sesión (panos dun só uso, por exemplo).

• Medidas de hixiene do local/utensilios/material:

- **Ventilación:** intensifica a ventilación do centro e das salas. Mínimo unha vez ao día e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.
 - Procede á **limpeza exhaustiva** daqueles obxectos que foron ou puideron ser tocados/manipulados: mesa, cadeiras, pomos das portas, material utilizado durante a terapia, aseos, sen esquecer as billas, por exemplo.
 - De estar varias persoas traballando no mesmo local, cada quen debe facerse responsable da súa zona, e así mesmo das zonas comúns das persoas usuarias que atendeu (por exemplo, aseos). Esta norma debes facela extensible a zonas comúns ou se cambiades de quenda: antes de deixar a sala de atención para que atenda outro/a compañeiro/a debes proceder tamén á **ventilación** e á **desinfección**, pero esta vez tamén de todo o que manexastes vós (teléfonos, ratos, teclado, pomos, botóns de prender/apagar a luz...).
- Limpa e baleira as **papeleiras** con pedal o máis a miúdo posible.

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO O 12/6/2020, coa publicación da Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

- Debes sinalizar de forma clara a **distancia de seguridade** interpersonal entre as túas persoas usuarias, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelería ou sinalización. Tamén podes, no suposto de que posúas un centro amplo ou con varias entradas e saídas, establecer itinerarios para a circulación para evitar aglomeracións en determinadas zonas e previr o contacto entre elas.
- **Medidas de hixiene dos/as profesionais da psicoloxía:**
 - Evita levar xoias (aneis, cadeas...).
 - Intenta ter o pelo recollido.
 - Intenta ter as uñas das mans curtas.
 - Lavado e desinfección diaria da roupa de traballo: a recomendación do Ministerio de Sanidade é na lavadora en ciclo de mínimo de 60 graos.